

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019751	Antón Alonso Ríos	Tomíño	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0409	Principios de sanidade vexetal	2023/2024	4	107	127
MP0409_12	Vexetación espontánea, e fauna prexudicial e beneficiosa	2023/2024	4	53	63
MP0409_22	Estado sanitario e métodos de protección das plantas	2023/2024	4	54	64

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARIA DEL CARMEN BURÉS CES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

### 2.1.- Competencia xeral do título

A competencia xeral do título de técnico en aproveitamento e conservación do medio natural consiste en realizar as operacións de repoboación forestal, de restauración ou ordenación hidrolóxico-forestal e de aproveitamento forestal, así como o control e a vixilancia do medio natural, manexando e mantendo a maquinaria e as instalacións forestais, con aplicación a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

### 2.2.- Competencias profesionais, persoais e sociais

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título máis directamente relacionadas con este módulo son as que se relacionan a continuación:

- Cuantificar os axentes beneficiosos e prexudiciais para os cultivos, utilizando os métodos de mostraxe establecidos.
- Preparar e aplicar o tratamento fitosanitario necesario, interpretando a documentación técnica.
- Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos, utilizando os recursos existentes para o aprendizaxe ao longo da vida, e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no ámbito de traballo.
- Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e autonomía.
- Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e de protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no contorno laboral e ambiental.
- Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

### 2.3 Obxectivos xerais do ciclo

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- Describir e utilizar os métodos de mostraxe, identificando os procedementos de contaxe, para cuantificar os axentes beneficiosos e prexudiciais dos cultivos.
- Describir e executar o proceso de tratamento fitosanitario, analizando a documentación técnica e seleccionando os equipamentos, para a súa preparación e aplicación.
- Analizar e utilizar os recursos existentes para o aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación, para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a situacións profesionais e laborais.
- Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais, para actuar con responsabilidade e autonomía.
- Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.
- Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.
- Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector

productivo de referencia.

#### 2.4.- Actividades profesionais:

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de recoñecer o estado sanitario da vexetación e os métodos de protección.

Esta función abrangue aspectos como:

- Coñecemento da vexetación espontánea non desexada.
- Caracterización da fauna auxiliar e prexudicial.
- Descrición de enfermidades e danos.
- Valoración do estado sanitario das plantas.
- Métodos de protección da plantas.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Fauna prexudicial e beneficiosa.
- Vexetación espontánea non desexada.
- Sanidade dos vexetais.
- Métodos de protección das plantas

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			Resultados de aprendizaxe	
					MP0409_12			MP0409_22	
					RA1	RA2	RA3	RA1	RA2
1	A vexetación adventicia		27	20	X				
2	Fauna prexudicial e beneficiosa		36	30		X			
3	Microorganismos patóxenos e beneficiosos. Enfermidades, fisiopatías e danos de orixe abiótico.		36	30			X		
4	Valoración do estado sanitario dos cultivos		14	10				X	
5	Métodos de protección sanitaria dos cultivos		14	10					X
Total:			127						

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A vexetación adventicia	27

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a vexetación espontánea non desexada, e describe as especies presentes na zona.	SI

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as especies mais frecuentes que compiten cos cultivos	1	Vexetación adventicia	27,0
1.2 Caracterizar os seus ciclos biolóxicos.			
1.3 Analizar os danos provocados sobre as plantas cultivadas.			
1.4 Relacionar as técnicas de control cos cultivos e cos danos.			
<b>TOTAL</b>			<b>27</b>

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Recoñecéronse as plántulas de vexetación espontánea non desexada.	• OU.1	S	10
CA1.2 Identificáronse as plantas parasitas dos vexetais.	• OU.2	S	10
CA1.3 Determináronse as especies mediante o emprego de claves.	• OU.3	S	10
CA1.4 Descríbironse as características biolóxicas das especies de vexetación espontánea.	• PE.1	S	20
CA1.5 Identificouse a asociación da vexetación espontánea non desexada cos cultivos.	• PE.2	S	20
CA1.6 Elaborouse un herbario coas especies de vexetación espontánea non desexada.	• OU.4	S	10
CA1.7 Valorouse a incidencia exercida pola vexetación espontánea sobre os cultivos.	• PE.3	S	20
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Vexetación espontánea: clasificación.
Claves para a clasificación de especies: utilización.

Contidos
Descrición biolóxica. Dispersión e localización. Importancia económica.  Plantas parasitas: clasificación e características.  Hábitat: asociación de especies.  Elaboración de herbarios: obxectivos e uso. Materiais, recollida e acondicionamento: información previa, recolección, documentación, prensaxe e conservación, etiquetaxe, montaxe, almacenamento e ordenación. Prexuízos causados.

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Vexetación adventicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación de contidos. Elaboración cuestionarios.</li> <li>• Elaboración cuestionarios</li> <li>• Elaboración dunha ficha de datos de herbario virtual.</li> <li>• Organización de roteiros para identificar plantas in-situ no Centro e no seu entorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esquemmatización de contidos</li> <li>• Resolución de cuestionarios</li> <li>• Elaboración dun herbario virtual coas especies visionadas no roteiro, utilizando a ficha elaborada polo profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cuestionarios resoltos.</li> <li>• Contidos esquematizados.</li> <li>• Herbario virtual elaborado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipo informático de aula e canón.</li> <li>• Aula de informática.</li> <li>• Parcelas de cultivo do centro e do seu entorno.</li> <li>• Bibliografía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1</li> <li>• OU.2</li> <li>• OU.3</li> <li>• OU.4</li> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> </ul>	27,0
<b>TOTAL</b>						<b>27,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Fauna prexudicial e beneficiosa	36

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina a fauna prexudicial e beneficiosa para os vexetais, tendo en conta a relación entre as características biolóxicas e os efectos sobre as plantas.	SI

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar especies de vertebrados que interactúan cos cultivos. 1.2 Identificar especies de invertebrados que interactúan cos cultivos. 1.3 Recoñecer síntomas, restos e pegadas que evidencian a presenza das especies anteriores. 1.4 Analizar os ciclos biolóxicos das especies reflectidas.	1	Fauna prexudicial e beneficiosa	36,0
<b>TOTAL</b>			<b>36</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Colocáronse os seres vivos prexudiciais e beneficiosos nunha clasificación xeral.	• PE.1	S	5
CA2.2 Identifícanse as características morfolóxicas dos invertebrados, as aves e os mamíferos máis significativos.	• PE.2	S	5
CA2.3 Describiuse a fisioloxía da fauna prexudicial e da beneficiosa.	• PE.3	S	5
CA2.4 Diferenciáronse as ordes de insectos e de ácaros prexudiciais e beneficiosos das plantas.	• OU.1	S	5
CA2.5 Realizouse un insectario coas ordes máis características.	• OU.2	S	5
CA2.6 Recoñecéronse os síntomas e os danos producidos pola fauna prexudicial nas plantas.	• PE.4	S	25
CA2.7 Identificouse a fauna prexudicial que provocou os síntomas ou danos nas plantas.	• PE.5	S	25
CA2.8 Relacionouse o ciclo biolóxico da fauna que pode provocar pragas coas condicións ambientais e a fenoloxía da planta.	• PE.6	S	25
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Clasificación dos seres vivos. Fauna prexudicial e beneficiosa.
Invertebrados, aves e mamíferos máis significativos: morfoloxía e fisioloxía.

Contidos
Comportamento de dispersión da fauna prexudicial e beneficiosa.
Clasificación das principais ordes de insectos e ácaros.
Elaboración de insectarios: equipamentos, captura e acondicionamento, información previa, montaxe, etiquetaxe e cuidados de mantemento.
Fauna beneficiosa: bioloxía; evolución e dispersión. Comportamento de alimentación.
Concepto de praga. Pragas polífagas e específicas: clasificación, bioloxía, síntomas e danos.

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Fauna prexudicial e beneficiosa	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación de contidos.</li> <li>• Elaboración cuestionarios.</li> <li>• Coordinación de elaboración de insectario virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esquemización de contidos.</li> <li>• Resolución de cuestionarios.</li> <li>• Elaboración de insectario virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contidos esquematizados.</li> <li>• Cuestionarios resoltos.</li> <li>• Insectario virtual elaborado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipo informático e canón.</li> <li>• Aula informática.</li> <li>• Laboratorio forestal</li> <li>• Cultivos do Centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1</li> <li>• OU.2</li> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> <li>• PE.6</li> </ul>	36,0
<b>TOTAL</b>						<b>36,0</b>



**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Microorganismos patóxenos e beneficiosos. Enfermidades, fisiopatías e danos de orixe abiótico.	36

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina os axentes beneficiosos e os que provocan enfermidades e danos nas plantas, e describe as súas características.	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar axentes beneficiosos e os que provocan danos nos cultivos. 1.2 Recoñecer os síntomas das principais enfermidades dos cultivos. 1.3 Analizar os ciclos biolóxicos e as condicións ambientais nas que se desenvolven as enfermidades.	1	Microorganismos patóxenos e beneficiosos. Enfermidades das plantas	36,0
<b>TOTAL</b>			<b>36</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Clasifícanse os axentes beneficiosos e os que provocan enfermidades e danos.	• PE.1	S	10
CA3.2 Descríbense os axentes bióticos.	• PE.2	S	10
CA3.3 Descríbense as condicións ambientais que afectan aos axentes beneficiosos e aos que provocan as enfermidades.	• PE.3	S	20
CA3.4 Valorouse o xeito de transmisión das enfermidades.	• OU.1	S	5
CA3.5 Descríbense os síntomas e os danos das enfermidades.	• PE.4	S	20
CA3.6 Recoñécense as enfermidades propias de cada planta.	• LC.1	S	30
CA3.7 Identifícanse os axentes causantes da enfermidade nunha mostra.	• LC.2	S	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Clasificación de axentes beneficiosos e dos que provocan enfermidades.  Axentes bióticos beneficiosos e prexudiciais: bioloxía.  Axentes abióticos: danos.  Enfermidade: concepto, transmisión e condicións ambientais.

Contidos
Enfermidades de orixe biótica: bioloxía, síntomas e danos. Circunstancias favorables de desenvolvemento.
Preparación de mostras no laboratorio para a súa identificación.

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Microorganismos patóxenos e beneficiosos. Enfermidades das plantas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación dos contidos</li> <li>• Elaboración cuestionarios</li> <li>• Coordinación de mostrario virtual de síntomas, ciclo vital e ficha explicativa das principais enfermidades dos cultivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esquemización dos contidos</li> <li>• Resolución cuestionarios</li> <li>• Elaboración de mostrario virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contidos esquematizados.</li> <li>• Cuestionarios resoltos.</li> <li>• Mostrario virtual elaborado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipo informático e canón.</li> <li>• Aula informática.</li> <li>• Laboratorio agrario.</li> <li>• Cultivos do Centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1</li> <li>• LC.2</li> <li>• OU.1</li> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> </ul>	36,0
<b>TOTAL</b>						<b>36,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Valoración do estado sanitario dos cultivos	14

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina o estado sanitario das plantas, valorando a información obtida segundo o protocolo establecido.	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Avaliar o estado sanitario dun cultivo realizando contaxes e tomas de mostras	1	Valoración do estado sanitario dos cultivos	14,0
1.2 Valorar a necesidade de actuar para controlar ós axentes dañinos.			
1.3 Avaliar as condicións ambientais e a presenza de axentes beneficiosos.			
<b>TOTAL</b>			<b>14</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse as unidades de mostraxe sinaladas no terreo.	• LC.1	N	10
CA1.2 Efectuáronse as contaxes e as tomas de mostras coas técnicas e cos medios establecidos.	• LC.2	N	20
CA1.3 Tomáronse mostras de patoloxías descoñecidas para o seu envío ao laboratorio seguindo o protocolo establecido.	• LC.3	N	20
CA1.4 Interpretáronse os niveis de presenza de axentes non beneficiosos en comparación cos valores de referencia.	• LC.4	N	20
CA1.5 Relaciónáronse as condicións ambientais coa mostraxe que se vaia realizar.	• LC.5	N	10
CA1.6 Cuantificouse a fauna auxiliar existente.	• LC.6	N	10
CA1.7 Recoñeceuse o limiar de tratamento de cada axente non beneficioso.	• LC.7	N	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Mostraxe: técnicas que cumpra utilizar. Programas: unidades de mostraxe, momento da recollida e lugar.
Contaxe: localización dos puntos.
Toma de mostras. Condicións ambientais.
Preparación de mostras patolóxicas e envío ao laboratorio.

Contidos
Interpretación dos niveis de presenza. Estado sanitario das plantas.  Limiares: tipos e conceptos. Nivel económico de danos (NED). Limiar económico ou limiar de tratamento (LT).  Fauna auxiliar autóctona: determinación.  Materiais e equipamentos de contaxe e mostraxe. Fichas e gráficos.

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Valoración do estado sanitario dos cultivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación de contidos</li> <li>• Elaboración cuestionarios</li> <li>• Coordinación do traballo de valoración de campo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esquemización de contidos</li> <li>• Resolución cuestionarios</li> <li>• Valoración en campo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contidos esquematizado.</li> <li>• Cuestionarios resoltos.</li> <li>• Estado sanitario de cultivo valorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipo informático e canón. Laboratorio agrario.</li> <li>• Laboratorio forestal</li> <li>• Cultivos do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1</li> <li>• LC.2</li> <li>• LC.3</li> <li>• LC.4</li> <li>• LC.5</li> <li>• LC.6</li> <li>• LC.7</li> </ul>	14,0
<b>TOTAL</b>						<b>14,0</b>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Métodos de protección sanitaria dos cultivos	14

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os métodos de protección para as plantas, valorando os seus efectos sobre a sanidade destas.	SI

**4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar e clasificar os métodos de protección sanitaria. 1.2 Diferenciar loita cultural, física, química e biolóxica. 1.3 Valorar as normativas legais para a loita contra e dispersión de axentes nocivos e de especies invasoras. 1.4 Describir os criterios de loita integrada.	1	Métodos de protección sanitaria dos cultivos	14,0
<b>TOTAL</b>			<b>14</b>

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Clasifícanse os métodos de protección contra a fauna prexudicial, as enfermidades, as fisiopatías e a vexetación espontánea non desexada.	• PE.1	S	20
CA2.2 Interpretáronse as características dos métodos de control indirecto e directo.	• PE.2	S	10
CA2.3 Valoráronse os métodos químicos empregados na loita contra a fauna prexudicial, as enfermidades e a vexetación espontánea non desexada.	• PE.3	S	20
CA2.4 Descríronse os métodos biolóxicos e biotécnicos.	• PE.4	S	20
CA2.5 Describiuse o método de loita integrada.	• PE.5	S	30
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Métodos de protección: indirectos (lexislativos, xenéticos e culturais) e directos (físicos, químicos e biolóxicos). Loita biolóxica. Produtos biolóxicos formulados. Características da loita biolóxica. Loita biotécnica: tipos e características. Control químico: características. Loita integrada: características e métodos.

**4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Métodos de protección sanitaria dos cultivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación de contidos.</li> <li>• Elaboración cuestionarios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esquemización de contidos.</li> <li>• Resolución de cuestionarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contidos esquematizados.</li> <li>• Cuestionarios resoltos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipo informático e canón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> </ul>	14,0
					<b>TOTAL</b>	<b>14,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles serán do 50 % de cada RA, según a porcentaxe de cada criterio de avaliación.

Para acadar un resultado positivo en cada avaliación trimestral, teráanse en conta os seguintes criterios de cualificación:

-9,00 puntos: unha ou varias probas escritas sobre contidos teóricos e/ou exercicios. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos sobre 10. A cualificación necesaria en cada unha das probas escritas para facer a media será de 4 ou máis. Para considerar aprobada cada avaliación, deberá obter unha nota igual ou superior a cinco neste apartado.

-1,00 punto: actitude do alumno/a. Valorarase a participación, respecto, predisposición á aprendizaxe.

A nota final do módulo será o resultado da media das notas acadadas nas avaliacións trimestrais, unha vez que se teña superada positivamente cada avaliación.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para a recuperación das partes non superadas, asegúrase os mesmos procedementos de avaliación descritos na programación, como a realización de probas escritas ou actividades semellantes, enfocadas ao reforzo dos coñecementos e corrección de erros anteriores.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua deberá entregar os mesmos traballos e actividades que o resto do alumnado, así como realizar unha proba escrita final sobre os contidos do módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación da práctica docente será continua, atendendo aos resultados acadados polo alumnado nos cuestionarios, e ao diálogo continuo cos alumnos.

O seguimento da programación realizarase mediante un caderno do profesor.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nos primeiros días de curso propórase un debate no grupo e/ou un cuestionario inicial de preguntas sobre contidos básicos co obxecto de coñecer a familiaridade de cada alumno/a cos contidos do módulo.

Pasadas as primeiras tres ou catro semanas de curso, tempo que permite ir coñecendo as características e particularidades do alumnado, farase a avaliación inicial do grupo cos membros do equipo docente na data que a xefatura de estudos estableza.

**8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Realizaranse cuestionarios, esquemas e actividades que faciliten a asimilación de contidos, e a realización dos procedementos.  
Teranse en conta as medidas que o Departamento de Orientación, en permanente colaboración cos docentes, recomende para os casos en que sexa preciso.

**9. Aspectos transversais****9.a) Programación da educación en valores**

No módulo faranse distintas actividades individuais ou en grupo. Desenvolverase o traballo en equipo buscando a cooperación e apoio, así como a resolución de conflitos.  
Traballarase en base á educación en igualdade e responsabilidade no posto de traballo.  
Valorarase o coidado do material e a reciclaxe, gardando sempre as condicións de seguridade e hixiene.  
Promoverase o respecto polo medio ambiente e a súa conservación.

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

As diferentes saídas programadas nos outros módulos permitirán a observación da situación sanitaria das plantas do monte visitado, viveiro, xardín, etc.

**10. Outros apartados****10.1) Aprobación da programación**

A presente programación será sometida a aprobación do departamento.

As actividades propostas ao longo desta programación están deseñadas para ser desenvolvidas preferentemente na modalidade presencial, pero son o suficientemente flexibles para, no caso de que a situación sanitaria así o recomendase, e as autoridades educativas o decidiran, ser adaptadas para as modalidades semipresencial ou telemática.